



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

# CIRCULAR ACTIVIDADES

---

## 1. COTA DA A.N.P.A.

O importe para o curso 2017-2018 da cota da ANPA será de **20€ por familia**. O prazo para pagar a cota rematará o **31/10/2017**. Este prazo é **improrrogable** e non se admitirán pagos fora de prazo. Nese caso a ANPA devolverá o importe. O pago do importe da cota deberase facer mediante ingreso ou transferencia á conta do BBVA:

**ES34-0182-5151-20-0201538386**

No concepto ou observacións do ingreso ou transferencia deberá constar os apelidos e nomes **dos nenos** (non o dos pais) e o motivo do ingreso. Por exemplo:

Conta: 0182-5151-20-0201538386	Importe: 20€
NADAL GÓMEZ, RAFAEL E PATRICIA - Cota ANPA	

Deberá cubrir o impreso de socio con **tódolos datos** e a sinatura de todos os titores e entregar o **orixinal** na caixa do correo da ANPA antes do 31 de outubro de 2017 xunto coa **copia** do resgardo bancario de ingreso. Deberá gardar o resgardo porque é o xustificante de ter pagado a cota da ANPA para o curso 2017 – 2018.

## 2. ROUPA

Temos a vender:

- Camisetas de ximnasia: 10 €
- Mandilóns de infantil: 8 €
- Gorras: 3 €

## 3. CONTACTO COA ANPA

Para dúbidas, consultas ou calquera aviso que queirades facernos chegar:

- Na oficina da ANPA: o horario provisional da ANPA é de 16:00 a 18:00 dende Outubro a Maio (incluídos) nos días lectivos excepto o mércores. Poderá cambiar segundo as actividades extraescolares que definitivamente se fagan.
- Teléfono **690.731.207**: no mesmo horario que a oficina.
- Correo electrónico: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org) ou [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com)

Por outra parte podes estar ao día da información da ANPA a través das seguintes canles:

- Páxina web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)
- Twitter: @AnpaVilaverde
- Facebook: /ANPA.Vilaverde
- TokApp School

## 4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades darán comezo o 2 de Outubro do 2017 e rematarán o 21 de Xuño do 2018. O formulario de solicitude deberá entregarse na ANPA **antes do mércores 27 de Setembro**. Todas as actividades teñen un número mínimo e máximo de participantes. Se non se acada o mínimo suspenderase a actividade e nos poremos en contacto cos que a solicitaron para comunicarllo.

### a) Pagamento das actividades

Os meses aboaranse completos nos primeiros días do mes mediante ingreso ou transferencia á conta da ANPA no BBVA:

**ES34-0182-5151-20-0201538386**

No ingreso deberán indicar o nome e apelidos do alumno/a, actividade e mes que paga. Exemplo:

Conta: 0182-5151-20-0201538386	Importe: 12€
RAFAEL NADAL GÓMEZ. PINTURA - OUTUBRO	

Prégase que garden os recibos de pago das actividades para poder aclarar calquera dúbida que poida xurdir no pago das actividades.

**O prezo mensual de cada actividade para os non socios incrementarase en 4€.**

### b) Baixas

As baixas de calquera actividade teñen que realizarse **por escrito** mediante o formulario dispoñible no local da ANPA mínimo 10 días antes do comezo do mes da baixa. De non ser así entenderase que o neno/a segue asistindo ás clases, polo que terán que pagar o mes ou meses **completos aínda que non asistan**. No caso de actividades que se paguen por trimestres ou cuadrimestre aplicarase o mesmo (10 días antes do comezo do trimestre ou cuadrimestre)

## 5. E.D.M. DE MOURENTE “ANPA OS VALADOS”

Durante o período lectivo de outubro a xuño (incluídos) terá lugar no CEIP Vilaverde a Escola Deportiva Municipal de Mourente “ANPA Os Valados”.



É unha actividade deportiva dirixida a nenos de infantil e primaria, subvencionada polo Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, e o número de prazas dispoñibles é limitado. Aínda non está publicada a subvención das actividades, aínda que no Concello aseguráronnos que será coma o do ano pasado. Os prezos das actividades incluídas na E.D.M. están postos como si tiveran subvención concedida. Se finalmente non se subvencionaran, axustaríanse os prezos ao custe real das actividades.

Intégranse nela as actividades extraescolares deportivas organizadas pola ANPA. Se necesidades máis información non dubidedes en poñervos en contacto con nos ou pasarnos pola oficina da ANPA.



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

## 6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

Todas actividades necesitan para levarse a cabo un número mínimo de alumnos. No caso de que non se acade o número mínimo, a actividade non se levará a cabo e darase aos nenos que se apuntaron a posibilidade de apuntarse noutra actividade.

### a) Actividades extraescolares deportivas e E.D.M. de Mourente ANPA Os Valados

#### ➤ Fútbolo

Iniciación / perfeccionamento na práctica deportiva. En colaboración co Figueirido C.F. Dous grupos:

- Grupo A: de 5 anos ata 2º de primaria.
- Grupo B: de 3º ata 6º de primaria.

#### ➤ Natación Campolongo

Unha sesión preferiblemente o mércores de 16:30-17:15. Para alumnos a partires de 5º de educación infantil (4 anos). Actividade por cuadrimestres. Tamén se pode escoller o horario de 17:15 a 18:00. Para outros días consultar dispoñibilidade coa ANPA.

#### ➤ Zumba

Actividade que xunta o exercicio físico, co baile. Unha forma divertida de facer deporte. Farase unha actuación no festival de fin de curso. Impartido no centro por persoal no ximnasio Suh Sport. Tamén se imparte noutros horarios no ximnasio.

#### ➤ Esgrima

Esgrima para nenos. Unha hora á semana. Nenos de primaria. Impartida polo club escola húngara de esgrima Pontevedra. Inclúe o material de esgrima (Para os pequenos sables de espuma e caretas de plástico. Para os maiores sables de plástico, caretas de metal, chaquetillas protectoras). Os alumnos deberán mercar o guante de esgrima durante o primeiro mes da actividade (16€).

#### ➤ Bádminton

Actividade dunha hora á semana. Para alumnos de primaria. Os participantes deben aportar a raqueta.

#### ➤ Salvamento acuático

Actividade realizada na piscina de Campolongo polo club S.A.P.O.. Imprescindible que os participantes **saiban nadar**. Nos meses de bo tempo a actividade pode trasladarse a espazos naturais: praia, río. Pode ser unha ou dúas sesións á semana. Cóbrase por trimestres. **Os interesados deberán chamar ao teléfono 649.408.291** para reservar o horario desexado. Unha vez reservado o horario deberán enviar á ANPA a solicitude en papel.

#### ➤ Balonmán

Realizada no centro. Ofertado de balde pola S.D. Teucro. Será os mércores de 16:30 a 17:30. Non temos aínda data de comezo da actividade.

### b) Actividades extraescolares non deportivas:

#### ➤ Informática I

Introdución á informática para nenos e nenas de educación infantil, 1º e 2º de primaria.

#### ➤ Informática II

Informática para nenos de 3º a 6º. Aplicacións da informática para a mellora do aproveitamento escolar.

#### ➤ Ballet

Dirixido a nenos e nenas de calquera idade. Trátase dunha hora semanal os luns. Faranse dous grupos:

- 3,4,5 anos e 1º de primaria.
- De 2º a 6º de primaria.

#### ➤ **Percusión e canto tradicional**

Primeiros pasos, ensino dos diferentes patróns rítmicos tradicionais aplicados e montaxe de sinxelas coreografías, adecuadas as diferentes idades. Iniciación nas técnicas básicas de pandeireta e outros instrumentos de percusión tradicionais, e aprendizaxe de repertorio tradicional cantado. Dous grupos: de iniciación e perfeccionamento (asistentes de outros anos)

#### ➤ **Debuxo e pintura**

Para nenos a partir de 3º de primaria.

#### ➤ **Preábaco, ábaco**

O uso do ábaco é unha boa forma de manter o cerebro activo e áxil e diversos estudos demostraron que desenvolve o potencial da mente máis que outros instrumentos de cálculo porque implica o uso dos dous hemisferios cerebrais. Ten unha matrícula de 20€ para os novos alumnos e 10€ para os alumnos do ano anterior e inclúe o material. Dous grupos:.

- Preábaco: educación infantil
- Ábaco: educación primaria

## 7. OUTRAS ACTIVIDADES

Coma outros anos teredes outras actividades que non organiza directamente a ANPA, pero que ten prezos especiais para os socios. Para información ou apuntarse nas actividades, consultar coa entidade que a imparte:

- **Taekwondo e zumba:** Temos un acordo con ximnasio Suh Sport que fai prezos especiais os membros do colexio. Os interesados tedes máis información en folla anexa, e deberán pasar polo ximnasio para máis información sobre prezos e horarios.
- **Playing English:** organizado pola FANPA. Na web da FANPA ([www.nontedurmas.org](http://www.nontedurmas.org)) ou no tríptico que vos enviarán teredes máis información. No caso do Vilaverde, as clases serán os martes e xoves en dúas quendas: de 16 a 17 e de 17 a 18. Hai a posibilidade de preparar os exames do Trinity College
- **Programa PAE:** organizado pola FANPA. Apoio específico a nenos e nenas con NEE.
- **Actividade de ábaco para primaria e secundaria:** organizado pola FANPA.
- **Actividade “creación tecnolóxica”:** organizada pola FANPA. Comeza en outubro e divídese en 3 trimestres cunha temática distinta cada un. É posible matricularse nun só trimestre, en dous ou nos tres.
- **Preparación dos exames da U. de Cambrigde:** organizado pola FANPA.
- **Piscina Rías del sur:** Unha sesión á semana os mércores ás 16:30. Ten un prezo de 30.03€ / trimestre. Pasar pola piscina para apuntarse.
- **Natación Budo:** teñen a posibilidade dunha hora ou dúas horas á semana. Para todo infantil e primaria. Os días son os martes (17:00), mércores (16:45), ou xoves (17:00). Máis información e inscricións no ximnasio.

## 8. SEGURO DE ACCIDENTES

Lembrarvos que tedes a posibilidade de contratar un seguro de accidentes que cubre aos nenos/as durante as actividades extraescolares e lectivas.



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

Como sabedes, durante as actividades extraescolares, igual que durante as horas lectivas, os nenos non dispoñen de seguro de accidentes, xa que o único que obriga a lei, é a dispoñer de un seguro de responsabilidade civil que cubre as posibles negligencias. Os nenos están cubertos, no que atañe á asistencia médica pola asistencia sanitaria que ten para calquera tipo de enfermidade (mutua, seguridade social, etc).

Para os asistentes ás actividades deportivas: futbito, bádminton, esgrima, é altamente recomendable a contratación do seguro.

Os ofrecemos a posibilidade de contratar un seguro de accidentes, que cubre algúns aspectos que poden ser interesantes para algúns de vos. Os resumimos os principais aspectos:

- Están cubertos todos os accidentes que teñen que ver coas actividades propias do centro escolar, así como as actividades organizadas pola ANPA, excursións, obradoiros e actividades extracurriculares. Quedan excluídos só os accidentes da vida privada das/os alumnas/os.
- A prima anual para as/os alumnas/os é de **7 €**. A compañía aseguradora sería ALLIANZ.
- Detalle da cobertura:

- Asistencia sanitaria (centros concertados)	ILIMITADA
- <b>Gastos para odontoloxía por accidente</b>	1.200 €
- <b>Rotura de lentes por accidente, con franquía de 75 €</b>	150 €

Para solicitalo, deberedes marcar a casíña correspondente no formulario de actividades e entregar o formulario na caixa do correo da ANPA o antes posible xunto o xustificante de pago (se é na conta bancaria). O pago pode facerse tamén presencialmente na oficina da ANPA cando se atope aberta.

Conta BBVA: 0182-5151-20-0201538386

## 9. HORARIOS E PREZOS

Actividade	Cursos	Día	Horario	Horas semanais	Prezo socios da ANPA
Futbito*	6ºEI – 2º prim.	Luns e xoves	16:00 – 17:00	2	20€ / trimestre (60€ ano)
	3º - 6º prim.	Luns e xoves	17:00 – 18:00	2	
Natación Campolongo*	5º EI en adiante	Mércores (outros días consultar)	16:30 – 17:15 ou 17:15 – 18:00	0,75	25€ / cuadrimestre (50€ ano)
Zumba	4 – 7 anos	Mércores	16:30 – 17:30	1	12€ / mes
	7 anos en adian.	Venres	16:30 – 17:30	1	
Esgrima*	Primaria	Xoves	16:00 – 17:00	1	10€ / mes
Bádminton*	Primaria	Martes	16:00 – 17:00	1	8€ / mes 24€ /trimestre 70€ / ano
Salvamento acuático* (confirmar praza no 649408291)	Primaria (obligatorio que saiban nadar)	Mércores e/ou venres	16:00 – 16:45 ou 16:45 – 17:30	0,75 ou 1,5	1 día: 28€ trimestre 2 días: 42€ trimestre
Balonmán	Primaria	Mércores	16:30 – 17:30	1	0€
Informática	Infantil – 2º prim.	Martes	16:00 – 17:30	1,5	15€ / mes
	3º - 6º prim.	Venres	16:00 – 17:30	1,5	
Ballet	Infantil – 1º prim.	Luns	16:00 – 17:00	1	12€ / mes
	2º - 6º prim.	Luns	17:00 – 18:00	1	
Percusión e canto tradicional	Iniciación	Martes	16:00 – 17:00	1	18€ / mes
	Perfeccionamento	Martes	17:00 – 18:00	1	
Debuxo e pintura	3º - 6º prim.	Venres	16:00 – 18:00	2	14€ /mes
Preábaco	Infantil	Luns	16:00 – 17:00	1	15€ / mes (20€ matrícula novos, 10€ outros anos)
Ábaco	Primaria	Luns	17:00 – 18:30	1,5	22€ / mes (20€ matrícula novos, 10€ outros anos)

\* Actividades subvencionadas polo Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra incluídas na Escola Deportiva Municipal de Mourente “ANPA Os Valados”

**O PREZO PARA OS NON SOCIOS PARA CADA ACTIVIDADE TERÁ UN INCREMENTO DE 4€ POR MES.**



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)



## 10. INSCRICIÓN NA E.D.M. DE MOURENTE "ANPA OS VALADOS" E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2017/18

Devolver cuberto e asinado **antes do 27 de setembro** (caixa do correo da ANPA). Cubrir en **MAIÚSCULAS**.  
Despois desa data consultar dispoñibilidade de prazas.

Alumno / a					Data de nacemento	Socio ANPA	<input type="checkbox"/> Si
	Curso		Grupo				<input type="checkbox"/> Non
Alerxias ou circunstancias a ter en conta							
Persoa de contacto							
	Teléfono		Email				
Persoa de contacto							
	Teléfono		Email				
Persoa de contacto							
	Teléfono		Email				

E.D.M. de Mourente ANPA Os Valados	Actividades extraescolares non deportivas
<input type="checkbox"/> Futbito <input type="checkbox"/> Natación Campolongo Día: _____ Hora: _____ <input type="checkbox"/> Esgrima <input type="checkbox"/> Bádminton <input type="checkbox"/> Salvamento acuático Día: _____ Hora: _____ <input type="checkbox"/> Zumba <input type="checkbox"/> Balonmán	<input type="checkbox"/> Informática <input type="checkbox"/> Ballet <input type="checkbox"/> Percusión e canto tradicional <input type="checkbox"/> Debuxo e pintura <input type="checkbox"/> Preábaco <input type="checkbox"/> Ábaco <input type="checkbox"/> _____ <input type="checkbox"/> _____

Si, desexo contratar o seguro de accidentes ofrecido pola ANPA para os socios (7€ / curso por neno/a)

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

(Firma da Nai, pai ou titor)

Nome, apelidos e NIF do pai, nai ou titor que asina:

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que coa asinamento do presente formulario vostede consente que os datos do presente formulario sexan tratados e incluídos en un ficheiro de datos de carácter persoal coa finalidade da xestión dos socios da ANPA. Dito ficheiro está dado de alta na Agencia Española de protección de datos. O responsable do ficheiro é a ANPA "Os Valados" do CEIP Vilaverde-Mourente, con domicilio na Rúa Vilaverde 9, 36164 Pontevedra, a cal lle garante os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos facilitados, nos termos e condicións previstos na propia LOPD, mediante unha comunicación por escrito dirixida á dirección indicada coas excepcións existentes na lexislación vixente. Consente en recibir información a través do mail e teléfono móbil aportados, relativa as actividades levadas a cabo pola ANPA. Tamén consente que durante as actividades organizadas pola ANPA se poidan realizar fotografías ou vídeos dos participantes da actividade, coa posibilidade de publicalas nas páxinas web ou redes sociais do centro ou da propia ANPA.